



RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Asunto: Cesamento de funcionaria interina administrativa por acumulación de tarefas.

Expediente: 2022/G003/000113 Expediente orixe: 2021/X999/000311

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Ao abeiro do disposto nas bases que rexen o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego para a provisión interina e/ou laboral temporal para postos de administrativo/as no Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña (BOP nº5 de data 11.01.2021), en data 11.01.2022 procédese ao chamamento de dona Noelia Agromartín Vázquez con DNI ***4463** para tomar posesión como Administrativa do grupo C1, cun nomeamento de acumulación de tarefas por un período de 3 meses, manifestando a súa aceptación no mesmo acto e tomando posesión do dito posto o 13.01.2022.

Con data 12.04.2022 finaliza o período de tres meses de nomeamento como funcionaria interina administrativa no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña. Previamente a funcionaria interina realizou nesta entidade unha acumulación de tarefas dende o día 05.07.2021 ao 04.01.2022 por un período de seis meses.

Logo de ver o exposto, procede o cesamento por chegar ao máximo de tempo para un nomeamento en acumulación de tarefas segundo o artigo 10.1 segundo o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley do Estatuto Básico do Empregado Público, e en consecuencia a sinatura da correspondente acta de cesamento da funcionaria interina, con data de cesamento de fin da xornada do 12.04.2022.

Por todo o anterior e ao abeiro do disposto no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o 14 dos Estatutos reguladores do Consorcio, mediante o presente

RESOLVO :

PRIMEIRO.- Cesar a dona Noelia Agromartín Vázquez con DNI ***4463** como funcionaria interina por fin do período de nomeamento, administrativa do grupo C1, previa sinatura da correspondente acta con data de cesamento a fin da xornada do 12.04.2022.

SEGUNDO.- Facer público este acordo no Taboleiro de anuncios do Consorcio, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Consorcio.

TERCEIRO.- Dar traslado da mesma aos servizos de Secretaría-Intervención e nóminas á persoa interesada.

QUINTO.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

En Carballo, na data que figura na sinatura dixital

O presidente,
Asdo.: Valentín González Formoso

A Secretaria Interventora,
Asdo.: M^a Graciela Riveiro Moreira